




Biografía
Día das letras galegas 2024



LUÍSA VILLALTA

María Luísa de la Esperanza Villalta Gómez naceu na Coruña, un 15 de xullo de 1957, na rúa vila de Laxe, en pleno barrio do Gurugú, era a primoxénita do matrimonio de Rafael e María del Carmen, á que seguiría outra filla, Susana.

Os estudos primarios realizounos no colexio relixioso das Xosefinas, na rúa Juan Flórez, perto do seu domicilio familiar e o bacharelato no instituto Eusebio da Guarda, na praza de Pontevedra.

Na Universidade de Santiago de Compostela licenciouse en Filoloxía Hispánica, na subsección de galego-portugués, e no ano 1988 aprobou as oposicións para docente de secundaria na especialidade de Lingua e Literatura Galega.

Exerceu como docente de galego en tres centro da provincia coruñesa: no IES Xosé Neira Vilas, de Perillo, en Oleiros, no IES Canido, de Ferrol e no IES Isaac Díaz Pardo, de Sada, onde rematou a súa traxectoria docente.

Foi Titulada Superior en Violín, e creou, nos anos oitenta, Escaino, un grupo de música folk. Foi integrante da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia, actividades que deixou ao incorporarse á docencia.

Faleceu un 6 de marzo de 2004, aos 46 anos, a causa dunha meninxite. Os seus restos descansan no cemiterio coruñés de Santo Amaro, onde foi despedida cun acto a cargo de escritores e poetas galegos, con poemas e música de violín.



Luísa cos seus pais, Rafael Villalta e María del Carmen Gómez.

Arquivo familiar/Centro Ramón Piñeiro




María Luísa de la Esperanza Villalta Gómez, na foto do seu libro de cualificación escolar do ingreso no instituto, en marzo de 1967.

Arquivo familiar/Centro Ramón Piñeiro



Con Susana, a súa irmá pequena.
Arquivo familiar/Centro Ramón Piñeiro



Celebrando o seu aniversario na compañía da súa nai, María e de Susana, a súa irmá.
Arquivo familiar/Centro Ramón Piñeiro



Luísa Villalta comezou os seus estudos de violín, *violino*, como dicía ela, no Conservatorio de Música da Coruña, estudos que rematou en 1983 como Titulada Superior.
Arquivo familiar/Centro Ramón Piñeiro



A OBRA DE LUÍSA, O TEATRO


A primeira publicación de Luísa é do ano 1989, *Concerto para un home só*, unha obra de teatro editada por Cadernos da Escola Dramática Galega, unha publicación coordinada por Manuel Lourenzo e dirixida por Francisco Pillado.

Posteriormente, e nos mesmos Cadernos da Escola Dramática Galega, publicará dúas obras máis: *O representante*, en 1990, e *O paseo das esfinxes*, un ano despois.

Tamén fixo, nestes mesmos cadernos, a introdución e notas, xunto con Carlos Paulo M. Pereiro, de *O doido e a morte. Farsa nun acto* de Raúl Brandão.

En 1999, Casa Hamlet e a Deputación da Coruña, publican a súa obra *As certezas de Ofelia* e dous anos máis tarde a Revista Galega de Teatro, no seu número 29, *Os doces anos da guerra*.

O contacto de Luísa co mundo do teatro abrangue tamén a tradución ao galego do texto do escritor, poeta e director de cine Pier Paolo Pasolini no ano 1994, *Manifesto por un novo teatro* e uns anos despois, en 1998, en colaboración con Francisco Pillado Maior, traduce a comedia *A mandrágora* de Nicolás Maquiavelo, unha peza teatral considerada a máis importante de toda a literatura italiana. Esta peza foi montada pola Escola Dramática Galega, baixo a dirección do actor e director uruguaio Quique Silva, pero non chegou a representarse nunca por problemas económicos que impediron a súa montaxe.



Concerto para un home só, un monólogo teatral, foi a primeira obra publicada de Luísa Villalta.



Ilustración de Pepe Carreiro da obra *A mandrágora*, traducida por Luísa Villalta e editada por Laiovento.



Luísa Villalta Gómez.
Arquivo familiar/Centro Ramón Piñeiro



Luísa con dezaseis anos, no verán de 1974.
Arquivo familiar/Centro Ramón Piñeiro

A OBRA DE LUÍSA, A NARRATIVA


Outro campo literario no que traballou Luísa foi a narrativa, faceta que lle foi recoñecida, no ano 1990, coa concesión dun dos accésits do Premio Nacional de Narracións Breves Modesto R. Figueiredo, polo seu relato *A taberna do holandés*.

No seu seguinte libro, *Silencio, ensaiamos*, publicado en 1991 pola editorial coruñesa Vía Láctea, aparecen trece relatos coa música como tema central de todos eles.


A editorial santiaguesa Laiovento publícalle, en 1997, *Teoría de Xogos*, unha novela na que a autora narra as sensacións de cinco personaxes galegos coa realidade e as transformacións do país, a modo de xogo, con intercambio de fotos e de cartas desde diferentes lugares de residencia.

En *As chaves do tempo*, que publica A Nosa Terra, en 2001, a narración xira arredor do rei Arturo que deixa en mans do azar quen dos seus fillos, Afonso ou Pedro, debe reinar.

Nesta narración tamén aparece a figura do mago Merlín que é o encargado de fabricar dúas chaves, unha de ouro e outra de ferro, unha para cada un dos fillos do rei. A novela está ambientada en Galiza.



Con *A taberna do holandés* obtivo Luísa un dos accésits, en 1990, do Premio Nacional de Narracións Breves Modesto R. Figueiredo, da Fundación Pedrón de Ouro.



As chaves do tempo foi editado por A Nosa Terra en 2001. Consta de dezoito capítulos.



Actuación con Escaino, grupo de música folk instrumental creado, entre outros, por Luísa na década dos 80.
Arquivo familiar/Centro Ramón Piñeiro



Luísa Villalta Gómez.
Arquivo familiar/Centro Ramón Piñeiro

A OBRA DE LUÍSA, O XORNALISMO

Colaborou Luísa en numerosas publicacións galegas: A Nosa Terra, Man Común, Grial, Luzes de Galiza, Festa da Palabra Silenciada, Tempos Novos, A Trabe de Ouro, Agália, Boletín Galego de Literatura,... con artigos nos que expresaba a súa opinión crítica sobre diferentes aspectos relacionados coa realidade galega ou a internacional.

Durante un par de anos, de 2002 a 2004, publica no xornal A Nosa Terra, unha serie de artigos que serán recollidos, un ano despois, no *Libro das colunas*, con prólogo de X. Enrique Acuña.

Nas súas colaboracións nos xornais galegos adopta unha postura belixerante na defensa do noso idioma, dos dereitos e liberdades do noso pobo, a separación do Estado e da Igrexa..., e posicionándose en contra da violencia sexual, a política de Israel sobre o pobo palestino, da represión policial e dos alcaldes da Coruña e Vigo que, daquela, estaban en contra do uso do galego nas súas cidades, un idioma que Luísa Villalta considera o piar fundamental que nos identifica como pobo.



A Nosa Terra, periódico galego semanal, naceu o 27 de xaneiro de 1978 e nel publicou artigos Luísa Villalta durante dous anos, de 2002 a 2004.



Luísa Villalta nun acto literario na Universidade da Coruña, na presenza, entre outros, de Manuel Lourenzo e Francisco Pillado.

Arquivo familiar/Centro Ramón Piñeiro



No porto, coa cidade da Coruña ao fondo.
Arquivo familiar/Centro Ramón Piñeiro



Luísa Villalta Gómez, nun concerto para o alumnado do IES Isaac Díaz Pardo, de Sada (A Coruña).
Arquivo familiar/Centro Ramón Piñeiro

A OBRA DE LUÍSA, A POESÍA

A poesía é o xénero no que Luísa máis traballou, o de maior número de publicacións e polo que é máis coñecida.

Na súa primeira obra *Música reservada*, editada en 1991 por Edicións do Castro, une as súas dúas grandes paixóns, a música e a poesía. A obra inclúe varios cadernos de poemas, o primeiro *Música reservada* dá título ao poemario e ao que seguen *O oco da palabra*, *Grial do sol perdido* e *Pós data*.

Ruído o seu segundo poemario chegaría catro anos despois, en 1995, editado por Espiral Maior e tamén cunha fonda pegada musical.

Ese mesmo ano publica en edición non venal *Rota ao interior do ollo*, nunha publicación de pequeno tamaño, unha *plquette*, que contén cinco poemas. Era o primeiro libro da editorial lisboeta Edições Tema, e o que abriría as portas á publicación doutras autoras e autores galegos.



Música reservada, o que sería o seu primeiro libro de poesía, foi publicado en 1991 por Edicións do Castro.



Luísa Villalta no III Congreso de Escritores Galegos da AELG, celebrado en Santiago de Compostela, no Museo do Pobo Galego. Arquivo Sergio V. Pérez Prieto e Casa-Museo Manuel María


En xaneiro de 2004, dous meses antes do seu falecemento, Luísa foi recoñecida co XII Premio de Poesía Espiral Maior, creado pola editorial do mesmo nome e dirixido a autoras e autores noveis, sen dotación económica e co compromiso da publicación da obra. *En concreto* foi o poemario que mereceu o recoñecemento do xurado, unha obra que é unha reflexión poética sobre a súa cidade natal, A Coruña, que é perfectamente recoñecible nos seus poemas e aplicable a tantas outras urbes.

A entrega deste premio estaba prevista para o mes de agosto, coincidindo coa Feira do Libro da Coruña.

Pero a desaparición da autora non parou a publicación da súa obra. Así, en 2006, a editorial Laiovento publica *Papagaio*, un poemario ilustrado pola fotógrafa Maribel Longueira.

Este poemario está inspirado nun barrio coruñés tradicionalmente dedicado a albergar locais dedicados á prostitución. Luísa Villalta denunciou nos seus versos o proceso de demolición e especulación do barrio e ao tempo avogou por devolverlles a dignidade ás mulleres que habitaban este espazo.

En 2020 o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades publicou en edición facsímile *As palabras ingravidas*. Trátase dun poemario inédito presentado en forma de almanaque que Luísa estaba a preparar en 2004 para unha editorial lusa, cun poema diario. Só puido completar do 1 de xaneiro ao 26 de febreiro, unha semana antes do seu falecemento.



As palabras ingravidas é unha obra poética póstuma, publicada en 2020 polo Centro Ramón Piñeiro.



Luísa Villalta Gómez
Arquivo familiar/Centro Ramón Piñeiro

Esta edición conta cunha introdución que contextualiza esta obra no conxunto de toda a súa produción literaria.

Outra obra póstuma *Pensar é escuro. Poesía reunida (1991-2004)*, editada por Armando Requeixo na editorial Galaxia reúne os catro títulos que Luísa Villalta publicou, ou deixou para publicar, ao longo da súa vida: *Música reservada*, en 1991, *Ruído*, en 1995, *Rota ao interior do ollo*, en 1995 e *En concreto*, en 2004.

Esta obra foi presentada a primeiros de marzo de 2023 no Pazo de San Roque, sede do Centro Ramón Piñeiro, en Santiago de Compostela, nun acto que contou coa presenza do editor Armando Requeixo acompañado, entre outros, polo Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez e da irmá de Luísa, Susana Villalta.



Pensar é escuro é unha obra póstuma na que se recollen os catro poemarios de Luísa.



Luísa Villalta nun acto da AELG celebrado en Santiago de Compostela na década dos noventa.

Arquivo Rafael Fernández Lorenzo e Casa-Museo Manuel María

AS PUBLICACIONES

AS PUBLICACIÓNS

1987

O DOIDO E A MORTE
[FARSA EN UM ACTO DE RAÚL BRANDÃO]

Teatro

Introdución e notas de Luísa Villalta e Carlos Paulo M. Pereiro

Cadernos da Escola Dramática Galega, A Coruña

1989

CONCERTO PARA UN HOME SÓ

Teatro

Cadernos da Escola Dramática Galega, A Coruña

1990

O REPRESENTANTE

Teatro

Cadernos da Escola Dramática Galega, A Coruña

1991

MÚSICA RESERVADA

Poesía

Edicións do Castro, Sada

O PASEO DAS ESFINXES

Teatro

Cadernos da Escola Dramática Galega, A Coruña

SILENCIO, ENSAIAMOS

Narrativa

Vía Láctea, A Coruña



A introdución e notas á obra *O doído e a morte*, do número 64 dos Cadernos da Escola Dramática, correron a cargo de Luísa Villalta.



A obra de Luísa *O paseo das esfinxes* foi estreada no Teatro Colón da Coruña, en 2018, pola compañía Teatro Proscrito, coa dirección de Lino Braxe.

1992

O DON HAMLET DE CUNQUEIRO: UNHA ECUACIÓN TEATRAL

Ensaio

Laiovento, Santiago de Compostela

1994

MANIFESTO POR UN NOVO TEATRO,

Pier Paolo Pasolini

Tradución

Cadernos da Escola Dramática Galega, A Coruña

1995

RUÍDO

Poesía

Espiral Maior, A Coruña

ROTA AO INTERIOR DO OLLO

Poesía

Edições Tema, Lisboa

DESDE MIL NOVECENTOS TRINTA E SEIS: HOMENAXE DA POESÍA E DA PLÁSTICA GALEGA AOS QUE LOITARON POLA LIBERDADE

Obra colectiva

Edicións do Castro, Sada

1997

TEORÍA DE XOGOS

Narrativa

Laiovento, Santiago de Compostela

NOVO DO TRINQUE

Obra colectiva

Bloque Nacionalista Galego

1998

BESTIARIO

Obra colectiva

Edicións do Dragón, Santiago de Compostela



Programa da estrea no Teatro Colón da Coruña da obra *O Don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro. A obra foi interpretada polo Teatro de Cámara, no ano 1959.



Con tradución e notas de Luísa Villalta, Cadernos da Escola Dramática Galega publica, en 1994, *Manifesto por un teatro novo*, de Pier Paolo Pasolini.

A MANDRÁGORA

Nicolás Maquiavelo

Obra colectiva con Francisco Pillado

Laiovento, Santiago de Compostela

1999

AS CERTEZAS DE OFELIA

Teatro

Casa-Hamlet, nº 1

Deputación Provincial, A Coruña

O OUTRO LADO DA MÚSICA, A POESÍA: RELACIÓN ENTRE AMBAS PARTES NA HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

Ensaio

A Nosa Terra, Vigo

MINI-RELATOS

Obra colectiva

Librería Cartabón, Vigo



Deseños de Carmela Correa para o vestiario de *A Mandrágora*, de Nicolás Maquiavelo e coa tradución de Luísa e Francisco Pillado. A obra non chegou a estrearse por problemas económicos da Escola Dramática Galega.

2000

NARRADORAS

Obra colectiva

Xerais, Vigo

2001

OS DOCES ANOS DA GUERRA

Teatro

Revista Galega de Teatro, Cangas do Morrazo

AS CHAVES DO TEMPO

Narrativa


A Nosa Terra, Vigo

2002

APRESADOS SEN PRESA

Poesía

Edición dixital



No número 1 da revista *CASA HAMLET*, en maio de 1999, publica Luísa *As certezas de Ofelia*, a súa cuarta obra de teatro,

ESTUDO DAS SOMBRAS

Poesía

Edición dixital

MODULACIÓN DE ORFEU

Poesía

Edición dixital

DESPERTA DO TEU SONO

Narrativa

Edición dixital

LONGA LINGUA

Obra colectiva

Xerais, Vigo

2003

MATERIA PRIMA

Obra colectiva

Materia prima

Xerais, Vigo

ALMA DE BEIRAMAR

Obra colectiva

Asociación de Escritores en Lingua Galega, A Coruña

INTIFADA. OFRENDA DOS POETAS GALEGOS A PALESTINA

Obra colectiva

Fundación Araganey, Santiago de Compostela

NARRADIO. 56 HISTORIA NO AR

Obra colectiva

Radio Galega e Xerais, Vigo

NEGRA SOMBRA. INTERVENCIÓN POÉTICA CONTRA A MAREA NEGRA

Obra colectiva


Espiral Maior, A Coruña

A LINGUA DOS SONS

Ensaio

A MÚSICA E NÓS

Ensaio



A obra colectiva *Alma de Beiramar* na que máis de setenta autores e autoras, se posicionan en contra da xestión da marea negra provocada polo Prestige nas costas galegas.



Materia prima, editado por Xerais contén textos de dezasete autores galegos da década dos noventa, entre eles Luís Villata, co seu relato *Máis alá das raíces*.

2004

EN CONCRETO

Poesía

Espiral Maior, A Coruña

2005

O LIBRO DAS COLUNAS

Ensaio

A Nosa Terra, Vigo

2006

PAPAGAIO

Poesía

Laiovento, Santiago de Compostela

CARTAFOL POÉTICO PARA ALEXANDRE BÓVEDA

Obra colectiva

Espiral Maior, A Coruña

DO MÁIS FONDO DO SILENCIO SAEN VOCES

Obra colectiva

Asociación Cultural Panda de Relacións Laborais, A Coruña.

POEMAS POLA MEMORIA [1936-2006]

Obra colectiva

Xunta de Galicia

2008

DIX-SEPT POÉTES GALICIENS 1975-200.

DEZASETE POETAS GALEGOS 1975-2000


Obra colectiva

Universidade da Coruña.


POEMAS CORUÑESES: ANTOLOXÍA DE TEXTOS POÉTICOS DOS SÉCULOS XIX E XX SOBRE A CORUÑA

Obra colectiva

Espiral Maior, A Coruña



O libro de poemas *En concreto* acadou o XII Premio de Poesía Espiral Maior. O libro é unha homenaxe á súa cidade natal, A Coruña.



O libro *das colunas* recolle os artigos publicados por Luísa Villalta durante dous anos, de 2002 a 2004, no periódico semanal galego *A Nosa Terra*.

2018

OBRA DRAMÁTICA COMPLETA. SINFONÍAS DE ESCENAS

Teatro

Edicións Proscritas

LUÍSA VILLALTA. OBRA DRAMÁTICA COMPLETA

Teatro

Asociación Cultural Alexandre Bóveda, A Coruña

2020

AS PALABRAS INGRÁVIDAS

Poesía

Edición de Armando Requeixo

2021

O OUTRO LADO DA MÚSICA, A POESÍA

Ensaio


Editorial Galaxia, Vigo

2023

PENSAR É ESCURO. POESÍA REUNIDA [1991-2004]

Poesía

Editorial Galaxia, Vigo




Luísa Villalta. Obra dramática completa, editado por Edicións Proscritas en colaboración coa Asociación Cultural Alexandre Bóveda, da Coruña. Recolle as cinco pezas teatrais escritas pola autora.



Luísa en Grândola, diante dun mural dedicado a José Afonso. Arquivo Rafael Fernández Lorenzo e Casa-Museo Manuel María

ESCOLMA DE TEXTOS

AS CHAVES DO TEMPO



1


.l

No tempo en que había reis na Galiza, houbo un que tivo fama de nobre, xusto e de bo corazón. Durante o seu reinado nada faltou ás xentes, nin o millo, nin o peixe, nin o gando. As vilas eran pequenas, pero todas elas ben diferentes. Se en Carral había pan, en Cambre queixos e leite, en Muros e Vigo peixe a manchea, en Santiago artesáns cantos se quixera, e na Coruña comerciantes que vendían e compraban, ademais de facer beneficiosos tratos cos outros países de alén-mar. Este rei chamouse Arturo, en honra de outro que disque fora seu parente entrego.



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

AS CHAVES DO TEMPO




.I

Pois, que se saiba, este rei tivo dous fillos, don Afonso e don Pedro, criados severamente, porén sen descuido das máis nobres artes como son a música e as cantigas, nas que axiña destacaron como moi bos tanxedores de zanfona, tiorba e lira, que os instrumentos de sopro, segundo dicían os manuais, non conviñan aos de avoengo real pola deformidade que o esforzo puña no xesto de tan nobres facer.



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez


AS CHAVES DO TEMPO




3

.XIV

Pola rúa do Concello avanzaban bailando Carnaval e Cuaresma. O primeiro figuraba unha mesa posta, con manteis e manxares enriba, xerras de viño que ao bailar se derramaban e pratos con xamóns, perdices e faisáns. Baixo os manteis ían rapaces tirando ovos recheos de auga. A cuaresma formábaa unha delgada figura tapada por un saiote que deixaba ver os zancos de madeira por baixo. Levaba nunha man a sardiña e na outra un grande caxar-to en forma de cruz co que zorregaba en todos cantos pasaban. Os nenos fixeron rodas de man dadas arredor dela, berreando coas bocas sen dentes e, cando as figuras deron en bater nalgúns deles, desfixéronse correndo e pelexando.



AS CHAVES DO TEMPO




.XV

Baixaba o sol e desquecía a arexa da tarde. Isaura recolleu os panos de cores arredor da carreta, que soía tender para chamar a atención. Tristán limpou e gardou os laúdes, tiorbas e chirimías con que daba variedade e finura ao seu repertorio. O público, despois de deixar caer unhas moedas na alfombra sobre a que bailaba Isaura, fora retirándose, uns e outros bocexando coa fame. Tristán e Isaura subiron á carreta e puxéronse en marcha. As aves da tarde, estorniños e pardais, revoaban con estrondo anunciando que o tempo cambiaba. Ao lonxe uns corvos tamén espreitaban por apañar os refugallos de grans que sempre ficaban estrados cando recollían a feira.



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

TEORÍA DE XOGOS



...

Todo empezou cunha frase que, no seu momento, non entendín ben. Non a frase en si, nen o tono, senón todo o que significaba. Tampouco era nada do outro mundo, como se explicará. Eu levaba pouco tempo traballando naquela Empresa, nunha Cidade que non era a miña e á que apenas me vinculaban asuntos laborais. Pero non era unha Cidade calquera xa que estaba situada nalgún lugar do meu pasado, non por ter vivido ou estado nela anteriormente, senón porque certo amigo da


miña primeira xuventude, ao que chamarei A., era de alí, un amigo que non volvín a ver máis, a pesar de que, cando asinei o contrato, se me fixo moi presente, como se me viñese visitar e dicirme en persoa o que eu mesma pensei de inmediato: «Mira que casualidade, virás traballar xusto onde eu vivo. É probábel que

agora nos volvamos a ver». A verdade é que eu non o busquei (xa non conservaba sequera o enderezo), pero, ao ser esta unha Cidade non moi grande, como todas as do país, sempre me pareceu natural esperar a casualidade de velo un día ou outro, na rúa, por sorpresa.



Ilustración: Francisco Guitián Valeiro

TEORÍA DE XOGOS



...

Tal como temíamos, choveu. Non podo dicir a que hora da tarde, só que de súpeto ouvimos un bater líquido nas xanelas, algo poirentas, que se cubriron de regachos baixo a luz grisalla e intensa da choiva sobre o mar. Todos nos volvemos nas nosas cadeiras como se nunca tivéssemos visto chover. Ao pouco turbáronse os vidros e deixáronnos nada máis a paisaxe extendida sobre o mantel, os pratos de porcelana, cuxa dignidade persistía baixo os restos de salmón en salsa, exquisitamente preparado, as copas manuseadas co viño a diferentes alturas (aínda non era o noso, tampouco desta vez), os guardanapos enrugados, a humidade, se cadra baforenta tamén, nos ollos, nas linguas, na conversa. Cada vez nos restaba menos espacio a medida que nos relaxabamos e perdiamos a compostura. Gracias a isto, gracias a esta entrega ao gozo e o desamparo, esquecemos o transcorrer do tempo, igual que o tintín da choiva, e permitimos que todo iso seguise o seu camiño de costas a nós, un número casual de persoas, amigas ou inimigas, até que chegamos a perder toda noción do antes e o despois. Á metade da comida xa daba a impresión de levarmos alí metidos moitas horas, días, a vida enteira.



Ilustración: Francisco Guitián Valeiro

EN CONCRETO



A

túa

estatura

estaba inscrita no proxecto
da Cidade compacta.

O edificios medran cada día.

Faltan por agromar aínda
os mais altos de todos.

Por cima

sen medida visibel

as antenas atentas

prolongan o vacío

até algúns centros

afastados dispersos

polas rúas algúns

outros continentes.

Por aquí pasan decote

os viandantes puntuais

mostrando a orgullosa hora

de cadanseu obelisco interior

EN CONCRETO



POEMA DA CIDADE ALTA

O meu nome é o da Cidade Alta
nacido onde a luz e o mar se están orixinando
mutuamente
nacín enfrente de min mesma
cando a Pescadería era un leito de sereas
e a serpe demorada na voz dos meus avós
vento dos ventos

Veño de aquí
unha historia de palabras
nas casas da cabeza e nos chanzos do corazón
palabras que son xente a murmurar de lonxe
desde Santa Lucía
épicas antigas de bailes no Gurugú
insultos pelexas e disparos
e percorren no meu sangue o Camiño Novo
para coller un barco que se marcha
como se xa nunca tivesen existido
e sen embargo dou fe, que son verdade
e van a Santa Margarita de merenda
onde unha vez alguén do noso se enforcara
alguén de quen só coñezo aquela rama
partida pola ausencia
non podendo tolerar o día e o cambiante
do vento, sempre, outra vez o vento
a picar na pel fría do verán canicular
o mozo vento grande que trae cartas de América
e tamén o pequeno que rechea os baleiros do tempo
...




Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

PAPAGAIO




Subía o verán as escadas entre as pernas abertas da Cidade.
O trolebús asmático agatuñaba a encosta de Panadeiras
até trousar algún vello solteiro, putañoiro sen tasa,
fronte á Farmacia, no Campo da Leña.
O ceo, marco azul para o perdón, ascendía baixo palio,
como un ditador santificado nos seus crimes,
o empedrado da rúa do Hospital
desde o mar Orzán, orixe da espuma ou seme vital,
cara ao carmín prohibido do sexo das señoritas,
sempre a flor de labio -boca, lingua, gorxa, o máis adentro posíbel-.
O Papagaio mudo, caído entre as flores das medias verdades
tinxía de cores charramangueiras
os dous lados do simulacro.
Os anos cincuenta de calquer século:
unha porta verde na cronoloxía repintada,
unha vez tras outra, da esperanza.



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

LIBRO DAS COLUNAS




EMIGRAR EN TERRA PROPIA

É ben sabido que somos xente emigrante. Pero o que poucas veces se pensa é que para emigrar non fai falta moverse do sitio. E isto é o que nos pasa a nós, que *somos* emigrantes, saiamos da terra ou non. O que acontece coa lingua é todo un síntoma do que estou dicindo, e até nin creo que sexa o único, pero si o máis dramático. Cóntanme dunha muller, amiga da nai dun alumno non moi estudoso, que se aprontou a darlle un consello: «Que non faga o tonto. E total para que quere o teu fillo o *gallego*? Co *gallego* non pasa de Astorga!» Como se o rapaz tivese xa feita a maleta. E, para ser de Burela a muller, aínda atinou bastante ben, cando menos en dirección Madrid, ela que nunca precisou tampouco de ir aí moi lonxe. Paréceme un exemplo elocuente dun sentir extendido. A lingua é a primeira estrada a coller se as cousas se poñen mal e, como moi ben nunca andan tampouco, pois hai que poñerse, por se acaso, permanentemente en camiño, non sexa que quedemos atrás. E falo en plural porque hai un *nós* colectivo que ten asimilado este significado do recambio lingüístico

...



LIBRO DAS COLUNAS



AS RÚAS E NÓS

As rúas son o seu uso. Evidentemente as rúas somos quen pasamos por elas, vivemos nelas e, como entre nós, lles (nos) damos nome. O goberno local de Sada está a saldar unha débeda democrática, longamente adiada pola anterior corporación, coa substitución de nomes impostos en auto-homenaxe polos executores do terror e a intimidación da Ditadura, nomes dedicados ao propio Xeneralísimo que veraneaba entre hortensias e garda moura no concello, así como os seus acólitos, e que abrollaron indistintamente en todas as cidades e vilas a xeito de bautismo xeral tras a declaración de derrota e vasalaxe por teren sido obxecto e escenario das esperanzadas liberdades republicanas.

...



O OUTRO LADO DA MÚSICA, A POESÍA



12

OS INSTRUMENTOS DA TRADICIÓN. A MÚSICA NA CONSTRUCCIÓN DOS SÍMBOLOS PATRIOS DURANTE O REXURDIMENTO

...

A gaita resulta ser un instrumento importado, tal vez xa traído polos suevos no século V, a teor da probábel etimoloxía da palabra que se remontaría a «*gaits*», termo que nos dialectos xermánicos alude á cabra, con cuxa pel se fai o fol da gaita.

...



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez

O OUTRO LADO DA MÚSICA, A POESÍA



LORCA E O NACIONALISMO DE SÍNTESE AS «REXIÓN MUSICAIS» DE ESPAÑA

Os seis poemas galegos de Federico García Lorca, con seren a única mostra deste autor na nosa lingua, pertencen, sen dúbida, ao núcleo de poemas máis comentados, prologados e debatidos da literatura galega. A causa de tal atención fúndase, obviamente, na súa rareza, e, sobre todo, na hospitalidade crítica que merece Lorca, un autor glorioso que se achega a nós desde a lingua que nos é hostil.

...



Na fachada de Santa María do Azouge, en Betanzos, no ano 1932. No centro, Federico García Lorca.

MÚSICA RESERVADA

A Pancho, a Noli e a Elena

Andei por Santiago
pisando estrelas
na noite
que as rúas devolveron
con luces e clamores
secretos
na noite

Andei por Compostela
coa pel das pedras orceladas,
a Rúa das Hortas
onde descansan os arcanos
na noite.

Ecos barrocos e fidalgos
tocaron os tambores
nas luces das xanelas:
Casas Reais e as grandes laxes
como balsas na corrente
cara adiante.

Na noite, un cantigar de fontes
nas rúas embozadas
que espadan entre si:
Rúa Nova e Rúa do Vilar
como dous brazos amigos
que se apertan no Toural.

Pisando estrelas subo as Pratarías,
Quintana arriba, paro e miro:
O ceo peneira os ecos das esquinas,
E a Berenguela, á alba, absorta aínda.



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez


ÍNDICE

LUÍSA VILLALTA	3
A OBRA DE LUÍSA, O TEATRO	5
A OBRA DE LUÍSA, A NARRATIVA	7
A OBRA DE LUÍSA, O XORNALISMO	9
A OBRA DE LUÍSA, A POESÍA	11
AS PUBLICACIÓNS	14
ESCOLMA DE TEXTOS	21

LUÍSA VILLALTA



DÍA DAS LETRAS GALEGAS
17 MAIO 2024



FOTOGRAFIA: M. d Outeiro ILUSTRACION: Carlos Rodríguez

«É ben sabido que somos xente emigrante. Pero o que poucas veces se pensa é que para emigrar non fai falta moverse do sitio.»

Luísa Villalta

